

## **Dictame da Comisión Informativa de Réxime interior e Asuntos Xerais (CIRIAX) do martes 19 de novembro de 2024.**

### **2.- Declaración institucional con motivo do 25 de novembro: Día Internacional contra as violencias machistas.**

Dáse lectura íntegra á Declaración Institucional con motivo do 25 de novembro, que foi consensuada con todos os grupos políticos.

Neste 25 de novembro, dende o Concello de Carballo, queremos alzar a nosa voz contra todas as formas de violencia que sofren as mulleres e as nenas, especialmente contra aquela que, por ser menos visible, pode pasar desapercibida: a violencia invisible.

A violencia invisible maniféstase en actitudes, comportamentos e dinámicas que, sen deixar marcas físicas, minan a autoestima, a liberdade e a dignidade das mulleres. É esa violencia psicolóxica, económica e emocional que, aínda que ás veces está normalizada pola sociedade, ten consecuencias devastadoras para as vítimas.

É responsabilidade de todas e todos identificar e loitar contra este tipo de violencia. Non debemos permitir que os micromachismos, a manipulación psicolóxica, o control económico ou o illamento social se perpetúen nas nosas comunidades. Esta violencia, moitas veces sutil, erosiona a liberdade das mulleres e perpetúa a desigualdade de xénero.

No día de hoxe, reafirmamos o noso compromiso coa erradicación de todas as formas de violencia machista. Reforzamos a necesidade de sensibilizar á poboación, fomentar políticas de igualdade e protección, e dotar de recursos as mulleres que sofren calquera tipo de violencia.

Por iso, facemos un chamamento á cidadanía para que, en cada ámbito da vida, rexeiten calquera tipo de violencia e discriminación. Que sexa visible ou invisible, todas as formas de violencia contra as mulleres deben ser condenadas e eliminadas.

A loita contra a violencia invisible é unha loita pola liberdade, pola igualdade e polo respecto aos dereitos humanos. Xuntas e xuntos, seguiremos avanzando cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria, onde ningunha muller nen ningunha nena sexan vítimas de violencia polo simple feito de selo.

Hoxe e sempre, decimos **NON** á violencia contra as mulleres e as nenas, visible e invisible.

Por un Carballo libre de Violencias machistas, por un Carballo con Agresións 0,0